

**MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN
CURRICULAR ED. PRIMARIA.
CURSO 2021/2022**

**CENTRO: COLEXIO PLURILINGÜE ALBORADA
DATA: 07/04/2022**

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

ÍNDICE

1. **Criterios xerais para a avaliación do alumnado.**
2. **Criterios do outorgamento de mencións honoríficas na Ed. Primaria.**
3. **Decisións e criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/22.**
4. **Aprobación e publicidade da modificación da concreción curricular.**

1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado	
1.1. Criterios para o tratamento de materias pendentes	<p>Ao abeiro do artigo 6.2 da orde do 25 de xaneiro do 2022, o alumnado que alcance a promoción de curso con algunha área con calificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar os aprendizaxes que non acadou no curso anterior.</p>
1.2. Criterios de promoción do alumnado de curso/etapa.	<p>O alumno ou a alumna accederá á etapa seguinte sempre que se considere que acadou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa (en 2º, 4º e 6º de primaria), cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polo equipo docente e coordinado polo Departamento de Orientación.</p> <p>A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.</p> <p>O equipo docente adoptará a decisión correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesor-titor.</p> <p>As familias serán oídas pero a súa opinión non é vinculante.</p> <p>Estableceranse tres grupos de áreas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - grupo A para designar as áreas de Matemáticas, Lingua Galega e Lingua Castelá. - grupo B para designar as áreas de Ciencias Naturais, Ciencias Sociais e Lingua estranxeiras. - grupo C para designar as áreas de Educación Artística, Educación Física, Relixión e Valores Sociais e Cívicos e a materia de libre configuración. <p>O alumnado non promocionará cando:</p> <ul style="list-style-type: none"> - É avaliado con insuficiente na área de Matemáticas e polo menos nunha das dúas linguas (castelá e galego). - É avaliado con insuficiente nunha área do grupo A e en dúas do grupo B. - É avaliado insuficiente en dúas áreas do grupo B e máis de dúas do grupo C.

	<p>En situación excepcionais, cando o alumno/a non acade o desenvolvemento adecuad das competencias, pero debido a circunstancias especiais considerase que debería promocionar ao curso ou etapa seguinte poderá facelo sempre e cando conte cun informe favorable do equipo docente e do Departamento de Orientación.</p> <p>A decisión final será acordada de maneira colexiada polo profesorado que forma parte da xunta de avaliación.</p> <p>Na xunta de avaliación valoraranse, de ser o caso, as medidas extraordinarias que precise o alumnado para o seguinte curso cando teña materias suspensas na avaliación ordinaria (repetición, recomendación de agrupamentos flexibles, adaptación curricular, reforzo educativo por parte dos especialistas de PT e AL.</p>
--	---

2. Criterios do outorgamento de mencións honoríficas (6ºEP).	
<p>2.1. Criterios xerais</p>	<p>Os criterios para a adxudicación de Mencións de Honra e os criterios que se seguirán en caso de empate son os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● O equipo docente otorgará as mencións por grupo que considere oportunas. ● Optará á Mención de Honra o alumnado cunha nota media igual ou superior a 9 en 6º EP e que demostre un rendimento académico excelente ademais dunha evolución actitudinal e conductual positiva. ● En caso de empate teranse en conta os seguintes criterios: <ul style="list-style-type: none"> ✓ alumnado con maior número de materias con 10 en 6º EP. ✓ alumnado con maior número de materias con 9 en 6º EP. ✓ alumnado con maior número de materias con 8 en 6º EP. ✓ alumnado coa nota media máis alta no curso de 5º EP ✓ alumnado coa nota media máis alta en 4º EP. ✓ alumnado coa nota media máis alta en 3º EP. ✓ alumnado coa nota media máis alta en 2º EP. ✓ alumnado coa nota media máis alta en 1º EP.

3. Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022

3.1. Especificar o procedemento para seguimento da recuperación das materias pendentes.

Realizaranse, polo menos, tres sesións de avaliacións parciais ao longo do curso, unha avaliación inicial (primeiro mes) e unha avaliación final.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento da evolución do alumnado e das medidas de reforzo aplicadas realizando os axustes que procedan.

Informarase ás familias dos resultados trimestralmente.

3.2. Especificar o protocolo para a elaboración do Informe avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación e o plan específico de reforzo do alumnado repetidor.

Segundo o punto 5 do artigo 6 da Orde do 25 de xaneiro de 2022, os titores/as dos cursos 2º e 4º EP emitirán un **informe individualizado** que recolla o grao de adquisición das competencias indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se prevén no ciclo seguinte.

Segundo o punto 6 do artigo 6 da Orde do 25 de xaneiro de 2022, o titor/a do curso de 6º EP emitirá un **informe individualizado** ao remate da etapa que recolla a evolución e o grao de adquisición das competencias indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se prevén na etapa seguinte. No caso do alumnado de NEE, incluírá as adaptacións e medidas adoptadas e a valoración sobre a continuidade destas medidas na seguinte etapa.

En caso do alumno repetidor, o equipo docente do curso no que o alumno repita elaborará un **plan específico de reforzo individualizado** para que o alumno acade o grao mínimo de adquisición das competencias correspondentes, seguindo o indicado no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021. Será de uso interno do centro e a familia poderá solicitalo (punto 6.3 e 6.4 da Orde do 25 de xaneiro do 2022).

4. Aprobación e publicidade

4.1. Aprobación	O claustro aprobará a citada modificación na reunión xeral de profesorado correspondente ao 3º trimestre.
4.2. Publicidade	<ul style="list-style-type: none"> • Data publicidade na páxina web do centro: 29 de abril de 2022 • Datas información ás familias e ao alumnado a través de Abalar móbil: 29 de abril de 2022